



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

##### Anuncio

##### EDICTO

NOTIFICACION COLECTIVA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA DOS CONCELLOS DE BURELA e FOZ // exercicio de 2024.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos Padróns do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana, correspondentes ao exercicio de 2024, dos concellos de BURELA e FOZ que delegaron competencias en materia de xestión tributaria e recadatoria de conformidade co disposto no vixente artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (enderezo: Ronda da Muralla, núm 140, Pavillón 1- 27004 Lugo) e no concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei xeral tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

##### ANUNCIO DE COBRANZA

-PRIMEIRO PRAZO DE ADEUDOS-DOMICILIACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA: CONCELLOS DE BURELA E FOZ - exercicio de 2024.

De conformidade co establecido no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e as ordenanzas e cas indicacións dos respectivos concellos comunicase, que, no período comprendido entre os días 15 ao 24 de xullo de 2024 serán cargados os recibos de IBI-2024 nas contas bancarias dos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana, dos concellos citados, o primeiro prazo que se corresponde co 50 % do total do recibo posto ao cobro, naqueles casos que cumpren cos requisitos establecidos.

A devolución deste primeiro cargo por parte de entidade financeira e, por causa non imputable á administración, implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ao pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento que se determine, quedando anulado o adeudo bancario a partir dese momento e os demais beneficios fiscais relacionados.

Lugo 8 de xullo de 2024.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M<sup>a</sup> del Carmen López Moreno.

R. 2070

**CONCELLOS****BALEIRA***Anuncio*

Habendo quedado definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos (suplemento de créditos ), financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, dentro do vixente orzamento municipal para o exercicio 2024, actualmente prorrogado do 2023, segundo acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria do 05 de xuño do 2024, polo importe total de 111.281,94 euros, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

Capítulo I. Gastos de persoal	729.463,00
Capítulo II. Gastos en bens corrientes e servizos	498.615,00
Capítulo III. Gastos financeiros	5.000,00
Capítulo IV. Transferencias correntes	214.838,00
Capítulo VI. Inversións reais	430.827,54
Capítulo VII. Transferencias de capital	1.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>1.879.743,54</b>

Contra o devandito acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baleira, 10 de xullo de 2024.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2088

**CASTROVERDE***Anuncio*

Que por resolución de alcaldía de data día 8 de xullo de 2024, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2024, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 8 de xullo de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2089

**FOZ***Anuncio***APROBACIÓN E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO PADRÓN-MATRÍCULA TAXA POR ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VIA PUBLICA (VADOS) PARA APARCAMIENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHICULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCIAS DE CALQUERA CLASE**

Por Decreto desta Alcaldía de data 01/07/2024, foi aprobado o anterior Padrón-Matrícula para a anualidade 2023, por importe de //31.667,11 €///.

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en vía voluntaria é o comprendido entre o 15 de xullo de 2024 e o 16 de agosto de 2024.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral da recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Foz, 2 de xullo de 2024.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 2090

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO PADRÓN-MATRÍCULA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS BANCARIOS, E CON ACCESO DIRECTO DESDE A VÍA PÚBLICA**

Por Decreto desta Alcaldía de data 1 de xullo de 2024, foi aprobado o anterior Padrón-Matrícula para a anualidade 2024, por importe de //2.079,00 €///.

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en vía voluntaria é o comprendido entre o 7 de agosto de 2024 ao 7 de outubro de 2024.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral da recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Foz, 2 de xullo de 2024.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 2091

---

### **LOURENZÁ**

#### *Anuncio*

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO**

**Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de xuño de 2024.**

**EDICTO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 9 de xullo de 2024, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Xuño de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de catro mil cento noventa e cinco euros con oitenta e nove céntimos de euro (4.195,89€) , tres mil setecentos cincuenta e seis euros con corenta e sete céntimos de euro (3.756,47€) correspondente a dependencia , e catrocento trinta e nove euros con corenta e dous céntimos de euros (439,42€) son de libre concorrència.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de maio de 2024.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co establecido nos artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 9 de Xullo de 2024.- A Alcadesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García.

R. 2092

**LUGO***Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 26 de xuño de 2024, aprobouse, entre outros, o procedemento de licitación para a **CONCESIÓN DEMANIAL DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO DE QUIROGA BALLESTEROS E NA PRAZA MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF. 2024/C012/000002.**

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** Establecer as condicións para o outorgamento de concesión demanial para a ocupación privativa de postos na Praza Municipal de Abastos e no Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros e que se relacionan no Anexo I do prego técnico regulador deste procedemento.

b) **Prazo de duración:** De conformidade co artigo 17 da Ordenanza e o prego técnico o prazo da concesión será de **25 anos dende a sinatura da súa formalización, sen posibilidade de prórroga.** Esta duración establécese sen prexuízo da posibilidade de revogación ou rescate da concesión de conformidade coa Ordenanza Municipal reguladora de prazas e mercados do Concello de Lugo e Ordenanza Fiscal pola prestación do servizo de mercados ou polas causas establecidas neste prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimento:** aberto.

**4.- Tipo de licitación:** O concesionario estará obrigado ao pagamento da taxa pola prestación do servizo de mercados de conformidade co artigo 3º da Ordenanza Fiscal num. 114 reguladora da taxa pola prestación do servizo de mercado debendo cumprir as obrigas establecidas nela ou a que estea vixente en cada momento.

**5.- Garantías:**

**a) Provisional:** Non se esixe.

**b) Definitiva:** De conformidade co artigo 7º da Ordenanza Fiscal así como artigo 18 da Ordenanza reguladora o que resulte seleccionado para ser concesionario deberá constituír antes da resolución favorable á concesión un depósito en metálico de contía equivalente ao importe de tres mensualidades incrementado nun 10%.

**6. Obtención de documentación e información.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

**c) Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**d) Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44

**f) Dirección internet:**

[https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Aabusqueda\\_licitacion\\_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOVI0%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Aabusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOVI0%3D)

**g) Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos dos contratista.**

**a) Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos técnicos e administrativos.

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

**a) Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **30 DÍAS HÁBILES contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante** aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**b) Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas.

**c) Lugar de presentación:**

**1ª Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou enviadas na forma indicada no artigo 38 da LPACAP.

**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

**3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

**c) Localidade:** Lugo

**d) Data:** O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrarase ó **terceiro día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación ás 13:00 horas agás modificación publicada con antelación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo ou noutro rexistro distinto ao do Concello de Lugo.

No caso de que a apertura e exame da documentación se realice en día distinto ó sinalado anteriormente, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen nos pregos técnicos e administrativos.

Lugo, 10 de xullo de 2024.- O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, por suplencia, Miguel Fernández Méndez.

R. 2093

**OUROL***Anuncio*

O Pleno do concello de Oural, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de xullo de dous mil vinte e catro, aprobou inicialmente a Ordenanza municipal de emerxencia social do concello de Oural.

En cumprimento do disposto no artigo 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte á inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante o referido prazo, o acordo elevarase a definitivo.

Oural, 8 de xullo de 2024.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2094

**MINISTERIO DE FACENDA****AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA DELEGACIÓN DE LUGO***Anuncio***COBRANZA RELATIVO A LOS RECIBOS DEL I.A.E. 2024**

Se comunica, en relación con los recibos del Impuesto sobre Actividades Económicas correspondientes a 2024, y cuando se trate de cuotas nacionales y provinciales, cuya gestión recaudatoria corresponde a la Administración Tributaria del Estado, lo siguiente:

**PLAZO PARA EFECTUAR EL INGRESO**

Del 16 de septiembre hasta el 20 de noviembre de 2024 (Resolución de 31 de mayo de 2024, del Departamento de Recaudación de la Agencia Estatal de Administración Tributaria).

**LUGAR DE PAGO****- Cuotas nacionales.**

A través de las Entidades colaboradoras (Bancos, Cajas de Ahorro y Cooperativas de crédito) en las que no es preciso que el obligado al pago disponga de cuenta abierta.

**- Cuotas provinciales.**

A través de las Entidades colaboradoras (Bancos, Cajas de Ahorro y Cooperativas de crédito) en las que no es preciso que el obligado al pago disponga de cuenta abierta.

Los ingresos se podrán efectuar en el horario de atención al público de dichas Entidades.

Asimismo, el pago de cuotas nacionales y provinciales podrá ser realizado mediante adeudo en cuenta, a través de Internet, en la dirección <https://sede.agenciatributaria.gob.es>, en la opción: Pagar, aplazar y consultar deudas. Para realizar el pago a través de Internet es necesario disponer de un sistema de firma electrónica de los admitidos por la Agencia Estatal de Administración Tributaria.

El vencimiento del plazo de ingreso en período voluntario, sin haber sido satisfecha la deuda, determinará el inicio del período ejecutivo y el devengo de los intereses de demora y de los recargos a los que se refieren los artículos 26 y 28 de la Ley General Tributaria.

Lugo, 4 de julio de 2024.- Delegada de la AEAT, M<sup>a</sup>. Elena Rosendo Vázquez.

R. 2071